

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas_conductor/a

ANTECEDENTES

O día 22/05/2018 o Concello de Rianxo publicou na prensa o anuncio para a elaboración dunha listaxe de contratación temporal de condutor/a no que se establecía que o prazo de presentación de solicitudes era de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, segundo o recollido no punto 4 das bases que rexen o dito proceso selectivo; así, o día 29/05/2018 rematou o prazo de presentación de instancias.

FUNDAMENTACIÓN

Unha vez rematado o dito prazo realizouse a comprobación de todas as solicitudes presentadas segundo o establecido nas bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 422/2018, do 21/05/2018.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas que se relacionan a continuación:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME
1	VÁZQUEZ MUINELO, CARLOS JAVIER
2	CESPÓN NOVO, JOSÉ
3	GEY LORENZO, DAVID
4	IGLESIAS MARTÍNEZ, JUAN JOSÉ
5	EITOR GRELA, AVELINO
6	BLANCO ÁVILA, ANTONIO
7	VIDAL MIGUÉNS, FERNANDO JOSÉ

SEGUNDO

Aprobar a listaxe provisional de persoas excluídas do citado proceso, que inclúe ás seguintes persoas:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	BOO HERMIDA, FRANCISCO JAVIER	4,5
2	LESENDE ALBELA, ALONSO	1, 2, 3
3	SECO RAÑÓ, PEDRO	3
4	MIRÓN IGLESIAS, JOSÉ MANUEL	2, 3

Códigos da exclusión:

- 1 Non presenta documentación acreditativa da identidade ou non está en vigor
- 2 Non presenta carné de conducir C ou non está en vigor
- 3 Non presenta CAP ou non está en vigor
- 4 Non presenta Anexo II ou está sen asinar
- 5 Non presenta Anexo III ou está sen asinar

As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de 3 días hábiles para achegar as emendas das deficiencias sinaladas ao Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, na sede electrónica municipal sede.concelloderianxo.gal ou a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR). Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso- Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo.

Rianxo, venres 10 de agosto de 2018

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo